

XIII CONCURSO: “LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión dos premios do XIII Concurso de relatos curtos e carteis gráficos “**Loita contra a violencia de xénero**”, organizado polo Concello de Negreira a través do Centro de Información á Muller (CIM) co fin de sensibilizar á poboación sobre desta lacra social.

BASES DE PARTICIPACIÓN:

- 1ª. Poderán participar tódalas persoas **menores de 18 anos**.
- 2ª. Os traballos presentados deberán ser **entregados no Centro de Información á Muller** no Concello de Negreira, nun sobre pechado. Deberá constar un número de teléfono de contacto e en ningún caso deberá aparecer o nome da persoa participante. A identificación da persoa levarase a cabo mediante o uso dun **pseudónimo**.
- 3ª. O concurso constará de tres modalidades: **relato curto ,cartel gráfico e curtametraxes**. A temática a que deben axustarse os traballos é a Loita contra a Violencia de Xénero en tódalas súas manifestacións: física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural... así como os efectos e consecuencias da mesma en tódalas persoas que a sofren.
- 4ª. Os traballos presentaranse en **galego ou castelán**. No caso dos relatos terán como extensión **máxima 5 folios (DIN-A4)**.
- 5ª. Tódolos traballos que se presenten deberán ser **orixinais**, inéditos e non presentados en anteriores concursos neste ou noutro concello. De non ser así, quedarán inmediatamente excluídos do concurso.
- 6ª. Os **criterios de valoración** para elixir ós traballos premiados serán os seguintes: contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.
- 7ª. O prazo para a presentación dos traballos é do **2 ó 16 de novembro**.
- 8ª. Os traballos orixinais quedarán en poder do CIM de Negreira que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón ou calquera outro uso posterior, sempre sen ánimo de lucro.
- 9ª. Entre tódolos traballos recibidos un xurado independente seleccionará os gañadores de cada modalidade e concederá os seguintes agasallos :

-Premio ó mellor relato curto: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.



**CONCELLO DE
NEGREIRA**

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal
concello@concellodenegreira.es

-Premio ó mellor cartel gráfico: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.

-Premio ó mellor curtametraxe: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.

10ª. A **entrega de premios** levarase a cabo de maneira individual en data a concretar entre a organización e as persoas premiadas.

11ª. Os traballos gañadores poderán divulgarse a través dos **medios de comunicación locais**.

12ª. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido respectando as esixencias legais de dereitos, de autoría ou plaxio, segundo as leis vixentes.

13ª. Tódolos participantes están obrigados a cumprir estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.